

NOTA DE PRENSA | Arzúa, mércores 24/02/21

A festa do queixo celebrarase en marzo en streaming

Estará dedicada aos nenos, chamarase “edición XS” e será totalmente online

O Concello de Arzúa denominou esta 46ª edición do evento, que se leva celebrando desde 1976 de forma ininterrompida, como a “**edición XS**” por estar dedicada especialmente aos nenos e tamén polo seu programa de pequeno formato e adaptado este ano ao celebrarse totalmente online, con retransmisión en **streaming** de todas as actividades e concertos desde a web www.festadoqueixo.org.

O programa desta primeira fin de semana de marzo abrirase o **sábado 6 de marzo** ás 11 h cun **pregón compartido, protagonizado e escrito de xeito colaborativo polo alumnado dos centros educativos de Arzúa**. O protagonismo no pregón deste ano quíxose que fose para os escolares, que tan ben o están a facer nestes tempos difíciles, e a toda a comunidade educativa en xeral por todos os esforzos. Por isto, a idea do concello foi convidar a todos os centros do municipio facendo entre todos o pregón. A mecánica consistirá en que un dos cursos a elixir polo propio centro redacte unha parte do pregón para que sexa continuado polo seguinte. O pregón completo será lido desde a capela da Madanela por un representante de cada centro.

O programa continúa a mañá do sábado co showcooking “Desde Arzúa, con amor e queixo”, levado a cabo por tres restaurantes e un centro educativo arzuán. O sábado 6 desde as 12 h, abrirán as demostracións os restaurantes **1930 Hotel Boutique e Casa Chelo**. Nelssy Soriano, do 1930 Hotel Boutique inaugurará o cociñado desde a cociña do recinto feiral Terra do Queixo preparándonos “O Tótem, un entrepán de dobre tradición galega”. A continuación, María José Sanmartín de Casa Chelo, será a cociñeira encargada de pechar as demostracións do sábado preparando unha “diferente ensalada temperada con sardiñas afumadas e queixo de Arzúa”.

O domingo 7, a demostración de cociña terá tamén lugar desde o recinto feiral e ás 12 h a quenda correrá a cargo de Pilar Rodríguez do restaurante **Fonte do Picho**, situado no **Pazo Santa María**, coa receita “Arroz meloso con polbo e queixo Arzúa-Ulloa”. Para rematar, Luisa Sánchez e María

García da **EFA Piñeiral**, prepararán a una doce sobremesa amosándonos a receita “Doces campos de Arzúa-Ulloa”.

Na tarde do sábado, ás 18 h terá lugar a **charla “Os queixos galegos no tempo da COVID”** no set instalado na Capela da Madanela, un debate entre os representantes dos catro **Consellos Reguladores dos queixos galegos con Denominación de Orixe Protexida**, Arzúa-Ulloa, San Simón da Costa, Queixo Tetilla e Queixo do Cebreiro. A organización considerou citar en Arzúa aos catro representantes dos nosos queixos con DOP xa que nestes tempos esta actividade pode ser unha boa oportunidade de promoción a nivel nacional e internacional a través da rede.

No eido musical, o **Festival do queixo tamén denominado XS, celebrará dous concertos, un para rematar cada xornada. Ortiga** pechará a xornada do **sábado 6 ás 21 h**. Este artista compostelán contemporáneo aposta por novos sons e conta cunha gran proxección a nivel estatal. Presentou recentemente o seu álbum debut **“Chicho & sus chichas”**, e como di el mesmo “se sentes un escozor, non chames ao doutor: escoita a Ortiga”. Aos puntos cegos da pena, Ortiga púxolles tiriñas que cheiran a cumbia millennial, autotune a feira, merengue diabólico e transversalidade sonora. Tan preto de Elvis Crespo, Os Merlos e Kinito Méndez como de Metallica e Slash. Ortiga **dispara sonoridades tropicais a través dunha auténtica fábrica de baile millennial que, no canto de mirar ao Caribe, mira á Ría de Pontevedra** e á praia de Porto do Son. Xa cho canta a propio Ortiga nunha das súas cancións; pero, por se non te dabas conta, que saibas que hai unha planta que a ti che encanta: a ortiga.

Alma dueto pechará esta edición o **domingo 7** ás 18 h. O dúo está formado por **Alejandro González e Maya Grillo** debuta en 2013 en Cuba e a súa traxectoria artística despunta na República Dominicana. Reúnen unha longa experiencia musical, tanto no ensino da guitarra como na súa interpretación, calidade que lles permitiu levar a cabo este formato. O seu repertorio esténdese a **máis dun centenar de pezas, con múltiples combinacións das súas guitarras e voces**, tanto da música internacional como dos xéneros autóctonos cubanos. Ademais das obras orixinais para dúas guitarras, habituais nos grandes eventos guitarrísticos, teñen versións das cancións máis populares arraxadas para **guitarra soa, dúas guitarras ou guitarra e voz**.

Grazas pola difusión.

